

ACTA DA SESIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN E ADECUACIÓN DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS.

Sendo as 9:40 horas do día 3 de novembro de 2009. constitúese o xurado do concurso de proxectos para a “Redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección de obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico das obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa wan MArcos”, presidido pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde do Concello de Lugo e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García e acutando como membros do mesmo Ilmo Sr don Xosé María Arias Fernández, como representante da Deputación Provincial de Lugo, don Jaime Castiñeira Broz, como representante do Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira Sobrado como representante do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don José Fernando Piñeiro Díaz, Concelleiro delegado da área de infraestruturas do Concello de Lugo, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello de Lugo, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello de Lugo, don Pastor Ferreiros Carreira como arquitecto adscrito á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, don José Rodríguez, representante dos comerciais e hosteleiros da rúa San Marcos, don Aquilino González Álvarez, representante das asociacións de Lugo que traballan pola accesibilidade, don Manuel Regueiro Sánchez, xefe do servizo técnico de parques e xardíns do Concello, don Ángel Riva Cabanas, arquitecto municipal, dona Marta Carballal Neira, enxeñeira de camiños do Concello, don José Antonio Mondelo, enxeñeiro técnico do servizo de infraestruturas da Deputación Provincial de Lugo e dona Blanca Cañal, directora do proxecto URBAN do Concello de Lugo. Actúa como secretario do xurado don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo.

A Presidenta do xurado da a benvida a tódolos membros, agradécelles a súa presenza e da a palabra ó secretario do xurado que informa a tódolos presentes dos principais aspectos do concurso, do xeito no que debe proceder ó xurado segundo as bases que rexen o procedemento así como do número dos participantes que son os seguintes:

1. PLAXAR 009
2. ESTANCIAS
3. RECICLANDO
4. LUGO CIDADE HARMÓNICA
5. A2
6. MARCOSQUARE 301009
7. LAUDIC
8. LOS NUEVOS JARDÍNES DE SAN MARCOS.
9. PEGADAS
10. RESPIRO 2009

Procédese entón á clasificación dos sobres presentados polos participantes e á apertura dos sobres 2 (Documentación do anteproxecto). Os membros do xurado proceden a continuación ó exame da documentación presentada nestes sobres e ó seu estudo pormenorizado. Igualmente decídese o criterio a empregar á hora de outorgar as puntuacións en cada un dos apartados, acordándose que se outorgará a máxima puntuación en cada un deles á mellor das propostas presentadas e ás restantes segundo o criterio técnico.

O señor don Xosé María Arias Fernández abandona a sesión do xurado ás 10:30 horas.

Tras un debate por parte de varios dos integrantes do xurado acerca das vantaxes e defectos das diferentes propostas, especialmente centrado nas presentadas baixo os lemas A2 e LUGO CIDADE HARMONICA, decídese por unanimidade as seguintes puntuacións nos criterios obxecto de valoración coa documentación dos sobres 2:

	Solución para praza / callejones (40 puntos)	Solución xardíns ((20 puntos)	Readeacuación locais/fachada (10 puntos)	Medidas accesibilidade (10 puntos)	TOTAL
PLAXAR 009	35	10	5	5	55
ESTANCIAS	30	10	10	5	55
RECICLANDO	15	5	5	2	27
LUGO CIDADE HARMÓNICA	30	10	5	7	52

A2	40	20	5	10	75
MARCOS QUARE 301009	10	5	5	0	20
LAUDIC	5	5	5	0	15
LOS NUEVOS JARDINES DE SAN MARCOS	10	5	5	0	20
PEGADA	15	5	5	6	31
RESPIRO 2009	10	5	5	0	20

Ás 12:40 horas o señor secretario informa a tódolos presentes das puntuacións totais obtidas polos participantes e asímesmo de que, conforme ás bases que rexen o procedemento, se procederá á apertura dos sobres 3 (oferta económica) das proposicións que obteñen mais de 50 puntos nos catro apartados a valorar no sobre 3, que son as presentadas baixo os lemas PLAXAR 009, ESTANCIAS, LUGO CIDADE HARMÓNICA e A2.

- PLAXAR 009 oferta un prezo de 81.200 euros IVE incluído. Puntuación: 19,51 puntos
- ESTANCIAS oferta un prezo de 81.200 euros, IVE incluído. Puntuación: 19,51 puntos
- LUGO CIDADE HARMÓNICA oferta un prezo de 79.228,16 euros, IVE incluído. Puntuación: 20 puntos
- A2 oferta un prezo de 80.620 euros, IVE incluído. Puntuación: 19,65 puntos.

Procédese a continuación a calcular a puntuación obtida neste apartado polas catro proposición así como a puntuación final obtida, que é a seguinte:

- PLAXAR 009: 74,51 puntos.
- ESTANCIAS: 74,51 puntos.
- LUGO, CIDADE HARMÓNICA: 72 puntos.
- A2: 94,65 puntos.

De seguido procédese por parte da señora presidenta á apertura do sobre 1 (documentación administrativa) da proposta gañadora baixo o lema A2, para coñecer o nome do equipo gañador, que resulta ser o formado por DOPI ARQUITECTOS S.L.P, CAMINIA INGENIERÍA S.L e ARBOREJARDIN S.L.

O señor secretario do xurado comproba que a documentación administrativa esixida nas bases é presentada correctamente pola proposta gañadora e unha vez que isto e así dase por concluída a sesión do xurado ás 13:00 horas.